

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN DE SOPORTE PARA OS PROCESOS ELECTORAIS DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrange dende o 26.10.2021 ata o 31.12.2022.

O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, atribúelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro as competencias no fomento da organización sectorial.

No ano 2022 remata o mandato dos actuais órganos reitores das confrarías de pescadores de Galicia, polo que ao abeiro do artigo 92 do Decreto 8/2014 é obrigada a convocatoria de eleccións para todas as confrarías, e sería moi importante ter operativa unha aplicación para móbiles que permita o acceso á información máis relevante dos procesos electorais de confrarías de pescadores aos afiliados destas a través dos seus teléfonos móbiles.

O artigo 1 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos indica que na Xunta de Galicia a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é o órgano que ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre ambas as dúas entidades para o desenvolvemento e implantación dun sistema de información que de apoio e



favoreza a dinamización da información nos procesos electorais a membros dos órganos reitores das confrarías de pescadores e das súas agrupacións sectoriais, mediante o establecemento dunha canle de comunicación no que se poda trasladar aos membros das confrarías de pescadores información detallada, instantánea e por sectores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co mencionado artigo 1 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos indica que debe ser esta Axencia a responsable do desenvolvemento da aplicación que se desexa crear.

Por todo o cal faise preciso un acordo de colaboración entre a Consellería do Mar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a participación conxunta e efectiva no desenvolvemento desta actividade común, mediante a achega de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, figura no capítulo VI, “Inversións reais”, a aplicación orzamentaria 15.03.722A.640.3, “Gastos en investimentos de carácter inmaterial. Apoio ás organizacións sectoriais””; proxecto 2014 00639, “ Fomento da organización sectorial”. É dicir, se establece crédito para o desenvolvemento e implantación do sistema de información de soporte para os procesos electorais mencionado.

Posteriormente á formalización do acordo, levouse a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014 00005, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2021 e 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do acordo de



colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando o dito acordo fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais

María José Cortés Jiménez  
(asinado dixitalmente)

